



O COTSG lamenta o silencio da Consellería de Educación ante o nomeamento da figura de coordinación de benestar social nos centros escolares.

- **O Colexio de Traballo Social de Galicia advirte que de designar a unha figura sen a formación suficiente para desempeñar estas labores de coordinación de benestar, estarase incorrendo na desprotección sistemática das crianzas e das e dos adolescentes nas escolas galegas.**

A pandemia e as medidas de confinamento supuxeron unha carga adicional para as familias vulnerables con fillos e fillas a cargo. España segue a ser un dos países da Unión Europea onde a pobreza infantil é maior. A pandemia fixo crecer o risco de que aumente a privación material e a cronificación da pobreza a idades temperás. A Taxa AROPE indica que un 26% das persoas menores de 18 anos en Galicia, está en risco de pobreza ou exclusión social. Se a esta situación de vulnerabilidade social sumamos a exposición a diferentes tipos de violencia como o acoso escolar e ciberacoso ou as violencias machistas, a situación é preocupante e as escolas galegas precisan dunha maneira urxente da incorporación dunha figura que poida dotalas da protección social necesaria.

A Lei Orgánica de Protección Integral á infancia e adolescencia fronte a violencia, ten entre os seus obxectivos, o de protexer dunha maneira máis contundente a infancia, que pasa un longo tempo en entornas dixitais exposta a diferentes violencias, ademais de detectar e previr diferentes situacións de vulnerabilidade a través da creación dunha nova figura denominada “Coordinador ou Coordinadora de benestar e protección”.

**A problemática actual en canto a esta lei céntrase no feito de que deixa en mans das comunidades autónomas que perfil profesional deberá desempeñar estas funcións que a súa vez son coincidentes coas desempeñadas polo Traballo Social**, como figura referente dos Servizos Sociais e na protección da infancia sendo as e os Traballadores sociais canle de coordinación directa co Equipo de menores da Xunta de Galicia, Servizos Sociais, Sanidade e Xustiza, e tendo coñecemento e dominio de recursos para paliar efectos e consecuencias nocivas na infancia e Familias desta comunidade.

**Dende o COTSG lamentan o silencio nas reiteras peticións de reunións e a falta de resposta aos diferentes escritos enviados á Consellería de Educación** e aumenta a preocupación de que esta figura de coordinación de benestar recaia en competencias na docencia que transcenden absolutamente ao seu perfil profesional , tendo recaído moitas veces o papel de abordar moitas situacións de vulnerabilidade social sen dispor dos recursos suficientes para facelo.

Atender coa rigurosidade convinte ás crianzas e ás e os adolescentes nas diferentes necesidades sociais que se lles presentan e poder dotalas da protección social suficiente ante as diferentes violencias as que están expostas e expostas conleva dotar de intervencións sociais profesionalizadas e de calidade ás escolas e isto pasa por establecer perfís profesionais como o do Traballo Social, dado que conta cunha longa traxectoria intervindo nestas situacións.

O Colexio de Traballo Social de Galicia advirte que de designar a unha figura sen a formación suficiente para desempeñar estas labores de coordinación de benestar estarase incorrendo na desprotección sistemática das crianzas e das e dos adolescentes nas escolas galegas.

**Gabinete de Comunicación do COTSG**  
**604 07 63 63**